

# **“CONECTA FERROL”**

***(PROGRAMA DE AXUDAS PARA  
MERCAR UN ORDENADOR)***

**FERROL**  EXCMO.  
CONCELLO  
DE FERROL

## **BASES REGULADORAS DE CONECTA FERROL: PROGRAMA DE AXUDAS PARA MERCAR UN ORDENADOR.**

### **1.- Obxecto**

Este programa ten como obxectivo establecer las bases reguladoras que rexerán as axudas para a compra dun ordenador (portátil o de sobremesa) por parte dos/das xoves empadroados en Ferrol coa finalidade de facilitar, axudar e mellorar a súa formación durante a etapa educativa de ESO e Bachalerato.

### **2.- Beneficiarios/as, requisitos e baremación**

O número máximo de mozos/as que se poderán beneficiar desta axuda é de 50.

Poderán solicitar as axudas os mozos e mozas que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Estar empadroado no Concello de Ferrol, cunha antigüidade de un ano como mínimo.
- b) Ter entre 12 e 18 anos de idade, cumpridos no momento de presentar a súa solicitude.
- c) Acreditar un nivel de ingresos económicos netos anuais da unidade familiar non superior a 2,5 veces o IPREM establecido para o ano 2013, incluíndo as pagas extras e incrementando nun 15% por cada novo membro.

Para 2,5 veces IPREM	1 membro <i>(Incrementase un 15% por cada membro da unidade familiar)</i>	1.331,27 €
	2 membros	1.530,96 €
	3 membros	1.760,60 €
	4 membros	2.024,64 €

#### **d) Baremación:**

- 1.- Se os ingresos por unidade familiar se corresponden con unha vez o IPREM ou menor = 4 puntos.
- 2.- Se os ingresos por unidade familiar abranguen entre máis de 1 e 1,5 veces o IPREM = 3 puntos.
- 3.- Se os ingresos por unidade familiar abranguen entre máis de 1,5 e 2 veces o IPREM = 2 puntos.
- 4.- Se os ingresos por unidade familiar abranguen entre 2 e 2,5 veces o IPREM = 1 puntos.

No caso de producirse un empate na puntuación, terase en conta a data de presentación da solicitude, tendo preferencia a persoa que primeiro a presente.

### 3.- Orzamento

Para facer fronte a estas axudas existe crédito suficiente na partida 04102 3342 48000 (RC 213100754) pola contía de 10.000,00 euros.

### 4.- Solicitudes, documentación e prazo

Os mozos e mozas que desexen acollerse a esta convocatoria, deberán achegar a súa solicitude segundo o modelo oficial que poderán recoller no Rexistro Municipal (ANEXO I)

Só se terá en conta unha solicitude por familia.

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase a partir do día seguinte da publicación das bases no Taboleiro de Anuncios do Concello, e estará aberto ata o día 31 de outubro.

### 5.-Tramitación e resolución das solicitudes

O procedemento de tramitación das solicitudes será o seguinte:

- 1)As solicitudes serán avaliadas polo persoal técnico do Departamento de Xuventude
- 2)Unha vez avaliadas a concelleira delegada de Benestar Social resolverá a publicación da listaxe provisional das resolucións, que se publicará no taboleiro do Concello e no Departamento de Xuventude, establecendo un prazo de 10 días naturais para presentar reclamacións sobre as mesmas.
- 3)Unha vez resoltas todas as reclamacións, publicarase a listaxe definitiva nos mesmos lugares onde se efectuou a listaxe provisional

Esta listaxe conterá a seguinte información:


- Listaxe das 50 persoas beneficiarias
- Listaxe de agarda, para que no caso de producirse algunha renuncia pase a ser beneficiario/a o/a primeiro/a da mesma.
- Listaxe das persoas aos que se lle denegue esta axuda por non cumprir algún dos requisitos establecidos nestas bases.


No caso de renuncia haberá que cumprimentar o ANEXO II, incluído nestas bases.

### 6.- Contía da axuda

A contía da **axuda será de 200 euros por beneficiario/a**, sempre e cando ese importe non supere o custo derivado da compra do ordenador.

### 7.- Obrigas dos/das beneficiarios/-as

 A adquirir un ordenador nunha tenda ou comercio no ámbito municipal de Ferrol, antes do 30 de novembro.

 A facilitar por escrito toda a información que se lles requira coa finalidade de levar a cabo o exercicio das funcións de fiscalización e control do/a destinatario/a destas axudas.

## **8.- Pagamento da axuda**

A persoa beneficiaria, unha vez obtida a concesión da axuda deberá entregar por rexistro municipal a fotocopia do DNI e a factura o tiquet da compra do ordenador, antes do 30 de novembro.

Unha vez presentada esta documentación, efectuarase o ingreso da axuda fixado en 200 € na conta bancaria da persoa beneficiaria.

No caso de non acreditar a compra do ordenador no prazo previsto, perderase o dereito de abono de dita cantidade económica.

**ANEXO I**

**AXUDAS PARA MERCAR UN ORDENADOR  
DATOS PERSOAIS DO/A SOLICITANTE**

NOME	
APELIDOS	
D.N.I	
DIRECCIÓN	
LOCALIDADE	
CÓDIGO POSTAL	
TELÉFONO	
MÓBIL	
CORREO ELECTRÓNICO	

**DATOS BANCARIOS**

NOME ENTIDADE BANCARIA	
Nº CONTA BANCARIA	

**DOCUMENTACIÓN NECESARIA**

1. Fotocopia do D.N.I
2. Fotocopia da declaración do IRPF do solicitante e/ou dos demais membros da unidade familiar correspondente ao último exercicio.
3. Certificado da entidade bancaria onde se acredite a titularidade da conta correspondente.

**PROTECCIÓN DE DATOS**

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de carácter Persoal, infórmase que os datos persoais recollidos nesta solicitude, incorporaranse a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na Lei, mediante un escrito dirixido á Concellería de Xuventude do Concello de Ferrol.

**FIRMA DO/DA SOLICITANTE**

Ferrol, a                      de                      do 2013

**ANEXO II**

**RENUNCIA**

Don/Dona .....  
con NIF nº ....., con relación á solicitude  
da axuda para mercar un ordenador.

**RENUNCIA** á subvención concedida, deixando sen efecto a resolución recibida, polo  
seguinte motivo:

.....  
.....  
.....  
.....  
.....

Para que así conste, firmo o presente escrito.

Ferrol, a .....de .....de 2013